

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 26 DE AGOSTO DE 2020.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte catro de agosto de dous mil vinte; as nove horas e dez minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don César Manuel Fernández Gil.- Concelleiros/as : dona Clara Loeda Soto, don Miguel García Domínguez, dona Yolanda Gómez Gómez, dona Mariluz Expósito Pérez,

Está presente o Secretario do concello, Francisco Fernández Castro.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

Fica aprobada.

2.- OBRAS MAIORES.-

Outorgamento licenza de obras 180/2019 RIB / N/11.5/19

Visto o escrito presentado por don Rubén Soto Nicolas en representación de Craw Refugios Urbanos SL , onde solicita Licenza de Obras para “ Reformado de Proxecto básico e Proxecto de execución de vivenda unifamiliar entre medianeiras” con visado colexial de 26 de decembro de 2019, e Documentación Técnica Modificada , con data de visado de 27 de maio de 2020, redactados polo arquitecto don Rubén Soto Nicolás.

Consta no expediente:

-Informe favorable da señora Arquitecta Municipal dona Mercedes Alvarez López de data 21 de agosto de 2020.

-Informe favorable da Comisión de Seguimento do PEPRI na súa sesión de data 23 de xuño de 2019.

-Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se autoriza o Proxecto de Control arqueolóxico para rehabilitación de vivenda unifamiliar na rúa Porta Nova de Abaixo núm 7 de Ribadavia”

-Informe do Secretario municipal de agosto de 2020.

A Xunta de Goberno Local, acorda :

Conceder licenza de obras a don Rubén Soto Nicolas en representación de Craw Refugios Urbanos SL , para “ Reformado de Proxecto básico e Proxecto de execución de vivenda unifamiliar entre medianeiras” con visado colexial de 26 de decembro de 2019, e Documentación Técnica Modificada , con data de visado de 27 de maio de 2020, redactados polo arquitecto don Rubén Soto Nicolás en Rúa Porta Nova de Abaixo nº 7 , Ribadavia, referencia catastral 0822816NG7802S; Solo Urbano Consolidado. Casco Antigo de Ribadavia, Grado de Protección Ambiental.

1.- Condicións xerais:

As licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades.

Penalización: *O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.*

Caducidade: *A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.*

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará .
Residencial.

Contía na que se orzan as obras: 148.263,08 €.

Situación e emprazamento das obras: *Porta Nova de Abaixo nº 7.*

Referencia catastral: 0822816NG7802S

Nome ou razón social do promotor: *D Rubén Soto Nicolas en representación de Craw Refugios Urbanos SL.*

Prazos: *O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de tres (3) anos , a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.*

Liquidación do ICIO: *Xirase unha liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras pola contía de 3.854,84 euros.*

Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde, recollidas na Ordenanza Laboral da Construción e demais normativa aplicable.

Así mesmo tomaranse ás medidas necesarias para garantir a seguridade dos usuarios do vial público. Manterase en todo momento a limpeza do vial público.

En base ao informe da Comisión de Seguimento do PEPRI debe cumprirse o seguinte durante a execución das obras:

-A necesidade de coidar especialmente o tratamento do pano da muralla.

-Colocarase unha única baixante de recollida de augas pluviais e os aleiros de cuberta recuaranse lateralmente a dimensión necesaria para aloxar o cano que descorrerá lateralmente para conectar coa baixante pegada á aliñación e sen dar lugar a codos. Esta solución do cano executarase tamén no alzado cara a rúa Porta Nova de Arriba.

Previo o inicio das obras deberán achegarse os Oficios de Dirección das obras e de Coordinación en materia de Seguridade e Saúde.

En caso de necesidade de substitución das conexións existentes ás redes de saneamento e abastecemento seguirase o sinalado no informe da empresa concesionaria Aqualia.

Debe depositar un aval de 2.126,44 € para garantir a correcta execución das obras no vial público de conexión da recollida de augas pluviais do faldón da rúa Extramuros.

Outorgamento licenza de obras 845/2020 RIB / C/48.1/20

Visto o escrito presentado por don Antonio Fernández Fernández en representación de Carpintería Antonio Fernández SL onde solicita licenza de obras para para “ Proxecto básico e de execución Ampliación de nave para almacén ” visado nº 2002714,2 de data 12/06/2020 polo COAG , e “ Proxecto básico e de execución ampliación de nave para almacén – Documento modificado e/ou anexa , visado nº 2002714,3 de data 10/08/2020 polo COAG redactados por DOUSDE ARQUITECTURA, arquitectos D Rafael Castro Armesto e Dª Sandra González Rodríguez.

Consta no expediente:

-Informe favorable da señora Arquitecta Municipal dona Begoña Arregui de data 24 de agosto de 2020.

-Informe do Secretario municipal de 25 agosto de 2020.

A Xunta de Goberno Local, acorda :

Conceder licenza de obras a don don Antonio Fernández Fernández en representación de Carpintería Antonio Fernández SL para “ Proxecto básico e de execución Ampliación de nave para almacén ” visado nº 2002714,2 de data 12/06/2020 polo COAG , e “ Proxecto básico e de execución ampliación de nave para almacén – Documento modificado e/ou anexa , visado nº 2002714,3 de data 10/08/2020 polo COAG redactados por DOUSDE ARQUITECTURA, arquitectos D Rafael Castro Armesto e D^a Sandra González Rodríguez no Parque Empresarial , parcelas 17,18 1^a fase, referencia catastral 32070A013007700000YZ en Parque Empresarial , parcelas 17,18 1^a fase, referencia catastral 32070A013007700000YZ.

1.- Condicións xerais:

As licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades.

Penalización: *O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.*

Caducidade: *A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.*

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará .
Industrial

Contía na que se orzan as obras: 55940 €.

Situación e emprazamento das obras: *Parque Empresarial , parcelas 17,18, 1^a Fase..*

Referencia catastral: 32070A013007700000YZ.

Nome ou razón social do promotor: *D Antonio Fernández Fernández e/r de Carpintería Antonio Fernández SL..*

Prazos: *O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de tres (3) anos , a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.*

Liquidación do ICIO: *Xirase unha liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras pola contía de 1.454,44 euros.*

Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde, recollidas na Ordenanza Laboral da Construción e demais normativa aplicable.

Así mesmo tomaranse ás medidas necesarias para garantir a seguridade dos usuarios do vial público. Manterase en todo momento a limpeza do vial público.

Debe depositar un aval de 960,20 euros coa finalidade de garantir que ao remate das obras a beiararrúa quede en bo estado.

Debe terse en conta para a conexión á rede de saneamento o sinalado no informe emitido pola empresa concesionaria Aqualia, do que se remitirá copia coa notificación do presente acordo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.

Escrito de Don Enrique Rodríguez Alejos en representación do Grupo Municipal de Ribeiro en Común con rexistro de entrada no concello nº 4091 de 21 de agosto de 2020, no que se indica:

Rematada a obra do Xestal , e tendo o proxecto de dita obra e o seu custe inicial.

Solicita:

Solicito o orzamento detallado do custe final do campo sintético e instalacións do Xestal , e todas as actuacións levadas a cabo dende a súa inauguración.

A xunta de goberno acorda comunicar que o proxecto do campo de fútbol de céspede artificial en O Xestal adxudicouse polo importe de 252.066,12 euros, IVE non engadido.

O acondicionamento e mellora das instalacións de campo de fútbol en O Xestal adxudicouse por 48.000 euros, IVE engadido.

Exposición de Motivos :

En relación co escrito veciñal rexistrado neste Concello e dirixido á Alcaldía a principios do mes de agosto, sobre a moi mala situación na que se atopan as fincas urbanas seguintes:

1º. Fincas da rúa Avia, cuxo inmoible ten acceso tamén á rúa Ribeiro.

2º. Finca rúa Progreso situada á carón da óptica de Ribadavia e que dá por atrás coa Igrexa románica da Oliveira.

SOLICITAMOS:

1º. QUE O CONCELLO ACTÚE DE OFICIO para facer cumprir a normativa vixente respecto ao mantemento de fincas urbanas.

A xunta de goberno acorda comunicar que xá se está actuando ao respecto.

Escrito do Grupo Municipal de Ribeiro en Común con rexistro de entrada no concello nº 4158 de 25 de agosto de 2020, no que se indica:

Exposición de Motivos :

En relación coas actividades previstas para esta fin de semana en Ribadavia e a previsión de concentración de persoas en espazos públicos, e tendo en conta que no que vai de verán nas fin de semanas no noso municipio non existiu ningunha garda nocturna da Policía Local.

SOLICITAMOS:

1º. QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA ESTABLEZA ALGUNHA GARDA NOCTURNA DE POLICIA LOCAL nesta fin de semana. Así mesmo, se estableza unha coordinación intensa coa Garda Civil de Ribadavia.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

Escrito do Grupo Municipal de Ribeiro en Común con rexistro de entrada no concello nº 4159 de 25 de agosto de 2020, no que se indica:

Exposición de Motivos :

En relación coa actividade celebrada no Auditorio do Castelo, o pasado domingo 23 de agosto. "OURENROCK".

SOLICITAMOS:

1º. PROTOCOLO DE SEGURIDADE / PLAN DE SEGURIDADE PARA DITA ACTIVIDADE. COPIA.

2º. INFORMACIÓN SOBRE O ÓRGANO NO QUE FOI APROBADO DITO PROTOCOLO/ PLAN DE SEGURIDADE. COPIA ACTA.

A xunta de goberno acorda remitir a documentación.

Escrito do Grupo Municipal de Ribeiro en Común con rexistro de entrada no concello nº 4160 de 25 de agosto de 2020, no que se indica:

En relación co inicio inminente do curso escolar e a incertidume existente na comunidade escolar.

En relación co CEIP Ribadavia

1 Información sobre as obras que se están levando a cabo no colexio . Solicitud de visita do grupo as mesmas.

2 Convocatoria pola Alcaldía de xuntanza urxente entre grupos municipais, directiva e representantes ANPA CEIP.

3 Que o concello de Ribadavia tome a iniciativa na defensa dos intereses dos pais, nais e alumnado diante da situación existente de ausencia de información e protocolos covid.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Notificación de resolución de concesión de subvención da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior por importe de 1767,91 €.

Notificación de concesión de subvención en axuda destinada á colaboración en materia de arquivos.

Emenda subsanación de solicitude en relación a IV Ruta BTT de Ribadavia.

5.-CUESTIÓNS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.

ADJUDICACIÓN DE CONTRATO DE SERVICIOS PARA A CONECTIVIDADE DUNHA RED WIFI EN RIBADAVIA DENTRO DEL PLAN WIFI4E

En ejercicio de la competencia atribuída por el artículo 25.2.ñ) de la Ley Reguladora de Bases de Régimen Local : Competencia municipal , promoción en su término municipal de la participación de los ciudadanos en el uso eficiente y sostenible de las tecnologías de la información y las comunicaciones y con la finalidad de ofertar un mejor servicio a los vecinos y vecinas.

En ejercicio de competencia delegada en esta Junta de gobierno por Decreto de Alcaldía de 17 de junio de 2019.

Vista la Ley 9/2017 de contratos del sector Público: -

118.1 Se consideran contratos menores los de valor estimado inferior a 40.000 euros , cuando se trate de contratos de obras, o a 15.000 euros, cuando se trate de contratos de suministros o de servicios.

. - 118.2 En los contratos menores la tramitación del expediente exigirá la emisión de un informe del órgano de contratación justificando de manera motivada la necesidad del contrato y que no se está alterando su objeto con fin de evitar la aplicación de los umbrales descritos en el apartado anterior.

- 118.6 Los contratos menores se publicarán en la forma prevista en el artículo 63.4.

- - - 131.3 Los contratos menores pueden adjudicarse directamente a cualquier empresario con capacidad de obrar que cuente con la habilitación profesional necesaria para realizar la prestación. –

- 29.8 Los contratos menores no pueden tener una duración superior al año ni ser prorrogados.

La Junta de Gobierno acuerda contratar con RURAL GALEGO CONECTADO SLU los servicios de conectividad asociados al proyecto de despliegue de una red Wifi en Ribadavia dentro del Plan Wifi4eu por importe de 256 euros ao mes , IVE engadido durante 3 anos. .

Notificar la resolución al adjudicatario en el plazo de diez días.

Contrato menor de mantemento de software e hardware da aplicación Deporwin do Consello Municipal de Deportes.

Sendo necesario o mantemento de software e hardware da aplicación Deporwin para a xestión de aboados /reserva de instalacións/facturación do Consello Municipal de Deportes, xustificando o cumprimento do dito o esixido polo artigo 118.2 da LCSP.

Considerando que non se produce fraccionamento nin alteración do obxecto do contrato.

De conformidade co establecido no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público ,queda acreditado que non existen medios materiais no concello para proveer o necesario.

En exercicio de competencia delegada nesta Xunta de goberno por Decreto de Alcaldía de 17 de xuño de 2019.

Vista a Lei 9/2017 de contratos do sector Público:

-

- 118.1 Se consideran contratos menores os de valor estimado inferior a 40.000 euros , cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministros ou de servizos., sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras,servizos e subministros centralizados no ámbito estatal.

- 118.2 Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión de un informe polo órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto con fin de evitar a aplicación dos umbrais descritos no apartado anterior.

-

- 131.3 Os contratos menores poden adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.

- 29.8 Os contratos menores non poden ter unha duración superior ao ano nin ser prorrogados.

-

-

- 17 Son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenrolo dunha actividade ou dirixidas a obtención dun resultado distinto dunha obra ou dun subministro, incluíndo aqueles en que o adjudicatario se obriga a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario.

Aprobar o prego de prescripcíons técnicas integrándose as mesmas con carácter contractual no presente contrato, e as mesmas serán notificadas ao adjudicatario co presente acordo.

Contratar con SISTEMAS INFORMATICOS EMISOFT SL o contrato de servizo de mantemento de software e hardware da aplicación Deporwin para a xestión de aboados /reserva de instalacións/facturación do Consello Municipal de Deportes polo importe de 2.178 euros, IVE engadido , a facturar en 12 mensualidades . O prezo do servizo de formación de persoal será de 400 euros por xornada, IVE engadido, se fose necesario.

Aprobar o gasto con cargo ao vixente orzamento.

Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data, considerando a recepción da notificación do presente acordo polo adxudicatario como documento de formalización contractual, sen necesidade de trámite adicional.

PROPOSTA PROVISIONAL DE HORARIOS 2020/2021 NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

Rematado o prazo de solicitude das instalacións para a tempada 2020/2021 o 30/Xuño/2020 según se recolle no regulamento sobre uso das instalacións deportivas municipais BOP , BOP do 18 de Abril de 2018 reformado no Consello Reitor ordinario celebrado o 6 de xullo de 2020

Seguindo co procedemento de concesión establecido e tendo en conta os criterios preferenciais

CAPITULO V. - NORMAS DE SOLICITUDE, CONCESION E USO

Art.53.- As reservas para a tempada serán de luns a venres ,dende o 1 de setembro ata o 30 de Maio, salvo que no convenio ca entidade se estipulen outras datas

Art.-54.-A concesión de uso quedara supeditada a que o solicitante este ao corrente no pagamento polo concepto de utilización de calquera instalación deportiva municipal

Art.55.-En todas as instalacións de uso compartido por distintas entidades , farase un horario provisional ata o 1 de Outubro, que pode ser susceptible de sufrir modificacións, dando lugar ao definitivo a partir desta data ata o 30 de Maio, todas as entidades que desexen seguir facendo uso das instalacións a partir do 1 de Xuño deberán comunicalo ao CMD

Art.56.- A reserva de horarios para competicións en fins de semana e festivos , farase antes do martes de cada semana nas oficinas do CMD ou ben de xeito telemático , debendo a entidade aboar a taxa correspondente de aluguer antes do xoves para que a reserva sexa firme, salvo que estea establecido outro tipo de acordó en base a convenio/contrato

Art.57.- A concesión dunha franxa horaria durante unha tempada, en calquera instalación, non implicará que esa mesma hora sexa concedida ao ano seguinte automaticamente, as concesións serán únicas e exclusivamente para a tempada concedida.

Art.58.-Os criterios para a concesión de instalacións deportivas municipais a entidades deportivas tanto para adestramentos como para competicións serán os seguintes:

- *Atendendo ao tipo de solicitude*
 1. *As solicitudes presentadas por entidades sen animo de lucro , para promover actividades de carácter federado*
 2. *As solicitudes presentadas por entidades sen animo de lucro, para promover outro tipo de actividades*
 3. *As solicitudes presentadas por entidades con animo de lucro*
 4. *As solicitudes presentadas por particulares*
- *Atendendo o tipo de práctica deportiva teran prioridade por esta orde:*
 1. *As actividades promovidas polo CMD*
 2. *As actividades federadas*
 3. *As prácticas deportivo recreativas*
- *Atendendo aos horarios de solicitude:*
 - De luns a Venres:*
 1. *Entre as 16,00 h. e as 20,00 h. - Escolas e categorías base*
 2. *Entre as 20,00 h. e as 23,00 h.- Categorias Junior e Senior*
 - Fins de semana e festivos:*
 1. *En horario de mañan.- As categorías base*
 2. *En horario de tarde.- Categorias Junior e Senior*
- *Atendendo a orixe das entidades:*
 1. *Os clubs e entidades con domicilio social no Concello de Ribadavia , dados de alta no rexistro de asociacións do Concello*
 2. *As entidades de fora do Concello de Ribadavia*

- *Para os clubs federados*
 1. *Os de máxima categoría contando as categorías federativas de superior a inferior*
- *Antigüidade*
 2. *Os que leven mais tempo, de xeito continuado, utilizando a instalación que solicitan*

Vista a proposta provisional de horario para a tempada 2020/2021 formulada polo Director do Servizo Municipal de Deportes, a xunta de goberno acorda:

Aprobar a proposta provisional de horario das instalacións deportivas municipais e dar traslado as entidades solicitantes para que no prazo de dez días presenten alegacións.

E sendo as nove horas e trinta e oito minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente acta, do cal, coma Secretario, certifico.